



-Emprega preguntas abertas. Anímao a contestar che con algo máis que si ou non. Amplía as súas mensaxes.

-Fálalle de persoas, feitos e lugares que estean presentes no contexto no que habitualmente se atopa o neno. Situacións de aquí e agora.

-Facer collages con recortes de revistas e inventar-se historias ou contos.

-Dramatización- expresión corporal de contos.

-Xogar a inventar historias con marionetas.

-Contar cousas de forma ordenada: que fixo antes e despois, que fará enseguida, logo...

-Ir explicando onde se deixan as cousas, traballando hábitos de orde.

-Preguntarlle a miúdo polos seus xogos e escoitar as explicacións.

-Xogar a adiviñar obxectos nomeando só algunhas características.

-Mirar con el contos e revistas e que diga os nomes dos obxectos que aparecen nas imaxes.

-Contarlle contos facéndoo participe, pedíndolle axuda nalgún momento e facéndolle preguntas.

-Facerlle preguntas sobre cousas que ocorren na súa vida cotiá para desenvolverlle a capacidade de atención.



-É aconsellable controlar as manifestacións de ansiedade xa que unha situación relaxada favorece unha emisión máis abundante e fluída.

-Evitar as rifas, os comentarios despectivos ou castigos relacionados coa linguaxe.

- Eliminar as correccións do tipo "iso non se di así", no seu lugar repetirémoslle a frase ou palabra de forma correcta, incluso ampliando a mesma.

- É importante felicitar e premiar cada meta alcanzada.

Páxinas web para ampliar información:

https://priodecordoba.es/wp-content/uploads/2014/02/PE_Ninos_estimular_lenguaje.pdf

https://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/11007995/helvia/sitio/upload/Estimular_el_lenguaje_oral_en_el_hogar.pdf

Principalmente para mestres:

http://descargas.pntic.mec.es/cedec/atencion_diver/contenidos/dificultades/dislalias/para_saber_ms.html

<https://siempre-comunicando.blogspot.com/2014/10/programas-de-estimulacion-del-lenguaje.html>

(moi interesante)



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



ORIENTACIÓN PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE EN NENOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL.





A linguaxe oral é unha función e unha destreza que se aprende de forma natural, por unha serie de intercambios coa contorna social.

A adquisición da linguaxe é un proceso evolutivo que segue o seu propio ritmo e curso. Estes non son iguais en todos os nenos.

Que o teu fillo ou a túa filla pronuncien e articulen ben os sons, depende, en gran medida, de que vós, como nai e pai, ofrezades uns modelos correctos de pronunciación.

No control da articulación intervén decisivamente o oído, a respiración, o sopro e a capacidade de mobilidade dos órganos bucofonatorios (lingua, beizos, padal...).

A continuación preséntovos unha serie de orientacións para a estimulación da linguaxe dos vosos fillos:

-Ver con el/ela un programa infantil de TV e preguntarlle por el, sobre os personaxes, como se chaman, que facían...

-Buscar diferenzas entre os debuxos case iguais.

-Xogar ao “Vexo vexo”

-Que aprenda a recordar o seu nome, apelidos, data de aniversario, teléfono de contacto, enderezo...

-Xoga co neno a imitar sons da contorna, de animais ou persoas, ensínalle de onde proceden e animalle a imitalos.



-Fálalle amodo e de forma clara, para que teña referencias correctas e o que oia lle sirva para mellorar a pronunciación.

-Fálalle ao teu fillo tan a miúdo como sexa posible.

-Fálalle correctamente e non imites a súa forma de falar.

-Non o angonies porque che pareza que vai lento, cada cal ten o seu ritmo de pronunciación.

-Dálle tempo para que responda ás túas preguntas.

-Intenta que o teu fillo respecte as quendas de comunicación.

-Repítelle todo as veces que o necesite, pero sempre de forma natural.

-Non corriñas inmediatamente as producións erróneas do neno. Utiliza esa palabra nunha frase para que a escoite ben dita.

-Non intentes corrixir os erros fonolóxicos do neno, límitate a que o neno che oia correctamente e comprenda o que queres dicir.

-Adapta a lonxitude dos teus enunciados á capacidade do neno.

-Non rirse nunca dos erros fonolóxicos cometidos polo neno.

-Intenta que o teu fillo sinta que o comprendedes, fai esforzos por comprendelo e que o neno non se sinta frustrado.



-Ensinarlle cancións, adiviñas, refráns,...

-Sempre que o neno inicie unha conversación intenta que esta se manteña o maior tempo posible

-Si lle custa utilizar correctamente algunha das partes da oración ou as constrúe mal, ofrécelle o modelo correcto, pero tomando aquilo que dixo e repetíndollo correctamente.

-Dá “a volta” ás súas preguntas animándoo a pensar e a manifestar as súas opinións(Exemplo: por que.....? A ti que che parece?).

-Realiza actividades co neno, sobre todo aquelas que estimulen a linguaxe espontánea.

-Compórtate de forma “novata” co neno, é dicir, pídele que che explique as cousas que esta vendo, o xogo co que esta xogando,...co fin de conseguir compartir cousas con el.

-Logo de facer unha actividade interesante para o neno, como viaxes, aniversario, excursións...comenta con el todo o que ocorreu, fálalle dese acontecemento, que che conte o que pasou, etc.

-Xoga co teu fillo a facer movementos cos beizos, como facer morriños, dar bicos, facer pedorretas...; coa lingua, lambersse os beizos, sacar a lingua fóra da boca, subila ata o nariz...

-O neno pode xogar a soprar muiños de vento, facer burbullas de xabón, soprar pitos, inflar globos...

